



3 de agosto de 2012. Coa excusa dos danos primeiro e dos híbridos despois, a Xunta levou a cabo no Barbanza unha auténtica campaña de exterminio do lobo perfectamente planificada e orquestrada, que tivo como resultado a eliminación case completa desta especie. Coa axuda inestimábel de cazadores e gandeiros sen escrúpulos e a complicidade dalgúns funcionarios que por veces actúan máis como "secretarios" ao estilo das monterías franquistas que como valedores da nosa fauna, estimamos que **entre 2011 e 2012 foron**

abatidos entre 25 e 30 lobos

a gran maioría exemplares puros. Porén, a Xunta só recoñeceu no Barbanza 4 mortes en 2011 e ningunha en 2012, logo de 3 batidas "oficiais" (e dúcias de agardos "extraoficiais")

[segundo informou o Valedor](#)

ao que acudíu ADEGA en amparo polo escurantismo da Xunta. O balanço: Lobatos de 3 e 4 meses masacrados, lobos decapitados e tráfico de trofeos, lazos ilegais, corrupción, desleixo e incompetencia institucional... Mentres, dúcias de poldros morrerán de fame este ano nos montes do Barbanza ou liquidados polos concellos se os gandeiros non os sanean e identifican

co [microchip](#)

O lobo do Barbanza, unha xoia do noso patrimonio natural, non era para a Xunta máis que un molesto problema que compría "solucionar" co mínimo gasto. Danos á cabana gandeira que habería que pagar (sempre tarde e mal) e protestas de certos sectores, escopeteiros e gandeiros sen escrúpulos, que coidan que o monte é un patrimonio ao seu servizo e [fuxen de calquera responsabilidade na súa correcta xestión](#), puxeron ao lobo no punto de mira.

A solución escollida pola administración pareceuse moito á "solución final" argallada polo nazismo ou ás limpezas étnicas de conflitos pasados e recentes. Primeiro, a estigmatización social e a propaganda negativa: Novas recurrentes de ataques e masacres de gando nos medios subvencionados presentan unha vez máis ao lobo como o malo da película, unha alimaña perigosa que hai que eliminar, en troques dun patrimonio natural que hai que conservar. O resultado: A proliferación de condutas delictivas, como a caza furtiva (4 exemplares) ou os [lazos asasinios](#) (outros 3 máis), por parte dos irresponsábeis que sentíndose lexitimados pola sociedade e logo de aberta a veda pola administración, deciden actuar pola súa conta.

Nesta conxuntura, faise preciso tamén controlar e ter localizadas ás mandas: Para iso, nada como capturar un exemplar, colocarlle un colar localizador coa excusa do "estudo científico" e ceibalo no monte. Deste xeito, a administración (e tamén os colectivos interesados en suprimir o "problema" dos lobos) xa saben onde están e por onde se moven. Foi casualidade que o exemplar co GPS fora abatido en 2011 xunta outros dous nunha batida ilegal?

Por último, precísase xustificar legalmente o exterminio, para o que o [problema da hibridación](#) ven ao pelo. A suposta presenza de exemplares híbridos (a Xunta non publicou aínda as análises xenéticas que o confirman), de existiren, é un problema residual que ademais pode ser abordado con criterios conservacionistas e métodos incruentos. Pero magnificando o problema, críase a excusa perfecta para autorizar aos exterminadores batidas e agardas con [escaso ou nulo control por parte da administración](#)

: O resultado, matáronse moitos máis lobos ibéricos puros que (supostos) híbridos. É como poñer ao raposo a "xestionar" o galiñeiro!

Ao cabo, quen gañou con estas tácticas? A sociedade galega, que veu desaparecer á poboación de lobo máis occidental de Europa? Os gandeiros, reacios a afrontar os custos dunha explotación gandeira ordenada (saneamento, identificación e permisos) e que este ano vense con máis poldros que nunca que non van poder xestionar? Iso sí, a Xunta aforrou uns euros en indemnizacións e algúns privilexiados amigos teñen agora a cabeza disecada dun lobo ibérico decorando o seu salón.

Finalmente, ADEGA quere facer unha reflexión sobre como e quen xestiona a fauna salvaxe no noso país. Na [información do Valedor \(1,44 MB\)](#), a Xunta recoñece que en 2011 autorizou **14.720 batidas** d e xabarín en Galiza, unha media de

40 batidas diarias!!!

Unha administración ambiental que [fai dos cazadores o seu instrumento principa](#)

l e do chumbo o seu sistema para xestionar a nosa biodiversidade, ademais de incompetente é aberrante.